

ENZO

Robin Campillo, 2025

1734

ESTREA EN NUMAX: 07.05.2026 | V.O.S.E. | +12 | 102 min

Enzo, de 16 anos, é aprendiz de albanel en La Ciotat. Presionado polo seu pai, que quereda que cursase estudos superiores, o mozo quere escapar do ambiente cómodo pero abafante da vila familiar. Nas obras coñece un carismático colega ucraíno que sacode o seu mundo.

«Un drama sincero e urxente sobre a mocidade e o desexo, o destino, a sexualidade e a clase social»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



Entre o realismo social e o melodrama familiar

Por Fabien Lemmercier

“Estades todos facendo coma se non pasase nada. Eu non son comA vós”. Como todo o mundo sabe, a adolescencia é unha etapa turbulenta. Aos seus 16 anos, Enzo, o protagonista da película homónima de Robin Campillo coa que se inaugurou a 57ª Quincena dos Cineastas do 78º Festival de Cannes, non é a excepción, e os seus pais, como tantos outros, tratan de adaptarse como poden a unha situación tan volátil como incomprendible.

Así, a película mergúllase nunha historia aparentemente moi sinxela, baixo o sol de xuño no sur de Francia. As cigarras cantan, as piscinas convidan a darse un mergullo e a vida parece apracible. Pero para Enzo (a revelación Eloy Póhu), que fai malabares entre unha familia burguesa e afectuosa e a dureza do traballo nunha obra de construción á que chegou polo seu rexeitamento cara ao sistema escolar tradicional, non hai nada claro. E son xustamente esas sutilezas as que o cineasta francés explora con mestría, ao aceptar dirixir —co seu estilo propio—, nunha fermosa homenaxe e xesto de amizade, a longametraxe que non puido terminar o defunto Laurent Cantet, a quen acompañou durante case toda a súa carreira como coguionista e montador.

“Un mozo de 16 anos está a afogar diante dos nosos ollos e non estamos a facer nada para remedialo!” O pai de Enzo, un profesor interpretado polo italiano Pierfrancesco Favino, sofre profundamente a decisión do seu fillo de abandonar os estudos tradicionais (“non quero estudar, quero traballar, non volverei nunca á escola”) e, por tanto, renunciar a un futuro máis acorde coa súa clase social. A nai, enxeñeira (Élodie Bouchez), tenta suavizar as tensións. Enzo, pola súa banda, establece amizade na obra con Vlad (Maksym Slivinskyi), un obreiro ucraíno de 25 anos que veu a Francia a gañar diñeiro, pero que empeza a cuestionarse a súa relación co seu país en guerra. Esta proximidade precipita unha serie de acontecementos para Enzo, que non oculta nada e desexa tomar as súas propias decisións, aínda que en realidade —e é totalmente comprensible á súa idade— “aínda non coñece moi ben o mundo no que vive”...

Cunha gran sutileza narrativa (o guion está asinado por Laurent Cantet, Robin Campillo e Gilles Marchand), *Enzo* ofrece aos seus catro excelentes intérpretes principais un terreo fértil para despreparar matices, e todo iso enmarcado nunha posta en escena elegante e orgánica. A través dunha serie de pequenas pinceladas, a película constrúe a súa trama ao redor do delicado límite entre o realismo social e o melodrama existencialista e familiar, nunha atmosfera luminosa e cunha humanidade sinxela e contida que rende homenaxe ao cineasta de gran talento, modestia e bondade que foi Laurent Cantet.

Publicado en cineuropa.org